



A CIG-Ensino tratou estes temas na súa rolda final de intervencións na Mesa Sectorial do 4 de febreiro de 2025.

Denunciamos os incumprimentos da Consellaría en cuestións comprometidas na Mesa Sectorial

Por incapacidade ou por falta de rigor e seriedade ou por ambas causas, nunca como até agora asistimos a un cúmulo de incumprimentos por parte da Consellaría en asuntos nos que se comprometeu en tratar nesta Mesa Sectorial. Fagamos un repaso:

- ✓ Comprometeu un estudo das prazas estruturais e limitouse a mandar un excel cunha relación escasa de prazas e sen ningunha xustificación. Demandamos unha reunión canto antes na Dirección Xeral e con prazo suficiente antes da adxudicación provisional do mes de marzo.
- ✓ Afirmou que ía traer á Mesa unha proposta de baremo unificado para todas as convocatorias de concurso de méritos e non o fixo.
- ✓ Levamos máis da seis meses perdidos para negociar o Plan de Igualdade. É unha farsa. Non existe tal negociación.
- ✓ Díxose que se ía traer unha proposta de nova orde de permisos e tampouco tivemos máis novas.

A administración di que nos convocará a unha reunión para falar das prazas estruturais, e que comezarán a traballar na actualización da orde de permisos e licenzas así como no baremo unificado.

Nómina de xaneiro: demandamos a rectificación na suba nos sexenios e titoría

Din que de onde non hai non se pode quitar. Agora podemos afirmar que de onde pouco

soben aínda poden sacumar algo. Na revisión das modificacións da nómina de xaneiro a CIG-Ensino detectou que **a Consellaría non aplicou a suba do 10% nos sexenios e na titoría como debía facelo**: sobre o que cobramos no 2024.

Fíxoo sobre a mesma contía do ano 2023, aforrando deste xeito pequenas contías a todo o profesorado, que sumadas dan un recorte importante.

Exiximos que se rectifique e que se aplique a suba como é debido.

A administración cae nunha enorme contradición ao asegurar primeiro que aplican o que di o acordo e despois, cando desmontamos a mentira, di que o pago está feito de forma correcta. Chama poderosamente a atención que ningunhas das organizacións sindicais valedoras do acordo abrise a boca.

Falta de liquidez para facer efectivos os pagos de tribunais e impago dos sexenios

Levamos meses criticando que haxa un retraso de meses no pago do perfeccionamento dos sexenios, que no caso do 1º sexenios supera un ano de demora. Non nos vale a escusa da intervención económica. É un erro organizativo da Consellaría que debe solucionar xa.

Se nunca nos pareceu de recibo que o profesorado que formou parte dos tribunais (e que tivo que adiantar cartos para desprazamentos, manutención ou hospedaxe) estea sen cobrar a estas alturas, aínda nos parece máis preocupante que a razón que se dea é que non hai liquidez e que ten que aprobarse unha modificación de crédito. Solicitamos que se pague xa.

A administración volve de novo coa escusa do atasco provocada por Intervención. Asegura que “nun mes ou mes e medio pagarán todo”. No

caso do pago dos tribunais din que a razón foi o peche de exercicio económico (unha escusa que non nos vale porque se dá todos os anos).

Pago de oficio das subas salariais a quen se reincorpora dunha baixa.

Solicitamos da Consellaría o pago de oficio das subas salariais ao se reincorporar dunha baixa médica, unificar criterios nas Direccións Territoriais e evitar que o profesorado teña que reclamar nunha cuestión xudicialmente resolta.

A CIG-Ensino constatou que non existe aínda unha instrución xeral por parte da Consellaría para as catro Direccións Territoriais, malia que xa se está, cando menos nalgunha, recoñecendo ese dereito en vía administrativa. Por iso, o sindicato vén de dirixir un escrito ao director xeral de Centros e RR.HH. para que non só se unifiquen criterios senón para que se paguen de oficio os atrasos vinculados ás modificacións salariais durante o tempo de baixa médica, unha vez que esta remata, aplicando eses atrasos na seguinte nómina á incorporación ao centro de traballo. Escrito presentado o 21 de xaneiro e aínda sen reposta no momento de celebrarse a mesa sectorial.

Non pode ser que aínda se deneguen estes pagos e se obrigue ao profesorado a xudicializar algo que xa está resolto, o último caso en Pontevedra o 28 de xaneiro.

Van valorar o escrito presentado pola CIG-Ensino e tomar unha decisión.

Continuidade das substitucións despois dos períodos de Nadal, Semana Santa e Entroido.

O acordo persoal interino e substituto na súa **disposición adicional cuarta** é moi claro en canto ao mantemento da mesma persoa substituta nestes períodos: *“Cando o desempeño dunha substitución se interrompa pola incorporación da persoa titular coincidindo cos períodos non lectivos de Nadal, Entroido e Semana Santa, de producirse a mesma necesidade de cobertura da substitución no reinicio do período lectivo, poderase nomear, por*

petición de parte, a mesma persoa que viña desempeñando a praza.”

Vaise cumprir isto ou non? Este Nadal a administración dixo que non se ía cumprir dado que non sabían se a persoa se ía incorporar ou non e que só o aplicaban coas maternidades e paternidades.

Mantéñense no dito, non van aceptar a continuidade nas interrupcións das baixas.

Rematemos coa discriminación entre o profesorado de FP

Para a CIG-Ensino non pode haber diferenzas de salario entre o profesorado das 10 especialidades do corpo de PESSFP, ben sexa quen se integrou no corpo de PES por ter titulación, quen permanece para extinguir no corpo de PTFP ou quen ou forma parte do novo corpo de PESSFP (funcionariado de carreira ou persoal interino).

Na CIG-Ensino sempre defendemos que debe existir **un corpo único de ensinantes, encadrado no grupo A1**, pero esta reivindicación implica un cambio normativo a nivel estatal, ao sermos funcionariado dependente do Estado.

No proceso de integración do corpo de PTFP no ámbito galego xa reclamamos que se pagase o complemento compensador a todo o profesorado, tamén ao do corpo de PESSFP.

A negativa da Consellaría está a provocar a continuidade dunha discriminación inexplicable. Dixémolo daquela e mantémolo: é unha **solución perfectamente viábel que a Consellaría de Educación aprobe o complemento equiparador** que xa estableceu no seu momento para o profesorado técnico de FP para extinguir e que nestes intres é de **151,37 euros ao mes**. A Xunta ten plenas competencias na xestión dos seus propios recursos humanos e, polo tanto, na aprobación destes complementos. Outras comunidades como Euskadi e Catalunya non diferencian entre os distintos corpos á hora de aplicar este complemento.

Segundo datos da CIG-Ensino hai neste momento **172 funcionarios e funcionarias de carreira** do novo corpo de PEESFP (que ingresaron na docencia estes dous últimos cursos) e **115 docentes interinos con contrato por todo o curso escolar**. Polo tanto falamos de **287 docentes a tempo e xornada completa** que implicarían un gasto irrelevante nas contas xerais da Consellaría.

A Consellaría non contempla, neste momento, atender a nosa demanda e rematar con esa discriminación.

Horarios con sesións de 60 minutos en centros ordinarios de secundaria

Temos coñecemento de que no IES de Mugar dos se están aplicando horarios do profesorado de FP con sesións dunha hora. Entendemos, e cóstanos que así o entende tamén a inspección, que foi un erro e que se asegura que non se dá solucionado neste curso. Instamos a que se solucione o erro pero sobre todo que se indique claramente ás inspeccións e direccións que no horario nos IES as sesións non son dunha hora.

Por outro lado, non deixamos de lembrar que é totalmente inxusto que nos CIEP se estea a traballar realmente máis tempo e demandamos que se reduzan as sesións a 50 minutos e, se isto non é posíbel, aplicar a redución de sesións lectivas correspondentes.

Descoñecen a situación. Vanse pór en contacto coa inspección e recoñecen que eses horarios non se podían ter aprobado.

Apertura de listas de Galego nas EOI e noutras especialidades.

A día de hoxe hai 17 persoas en listas mais moitas delas están tamén na listas de PES. Habitualmente hai problemas todos os anos para nomear profesorado cando chega o momento das probas libres. Queda tempo abondo para remedialo pero debe actuarse xa coa apertura de listas.

Pedimos información sobre a situación actual de listas e das necesidades detectadas.

Din que son conscientes e que estarán atentos a abrir as listas necesarias.

Situación nos CFEA

Temos coñecemento de que nos CFEAs (Centros de Formación e Experimentación Agraria) están a pedirlle ao profesorado que faga horarios de permanencia no centro de 30 horas semanais, ao que como sindicato nos opoñemos frontalmente.

Queremos que se nos informe da situación actual do convenio asinado coa Consellaría de Medio Rural, que data de 1995.

Por outro lado, sabemos que AGACAL está informando ao profesorado dependente de Medio Rural de que deben solicitar a habilitación para impartir en centros privados para non ter que obter o título de mestrado de profesorado, algo que non ten soporte legal. Pedimos explicacións e que se rectifique esa información.

A administración di que non ten constancia destas queixas, que vai falar coa inspección educativa para que apliquen os horarios legais ao seu persoal.

Participación na formación do profesorado doutras Consellarías e da Deputación da Coruña

Agradecemos que no borrador do decreto de formación se indique expresamente que tamén afecta ao persoal doutras Consellarías e do das Deputacións como tiñamos demandado. É obvio que se actuou con moita demora desde que o solicitamos mais por fin parece que chega. Con todo, demandamos que mentres non entre vigor o decreto e se desenvolva, se autorice desde xa a incorporación deste profesorado a toda a formación ofertada pola Consellaría.

A Consellaría informa que nestes momentos xa poden participar na formación de forma individual pero, de momento, non poden ter plan de formación de centro.

LINGUAVITALXA!

PAREMOS A EMERXENCIA LINGÜÍSTICA

MANIFESTACIÓN NACIONAL

23 de febreiro ás 12:00 h

Día de Rosalía

Santiago de Compostela

Saída da Alameda >

Remate no Obradoiro



Infórmate en:
queremosgalego.gal